XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 8 de febreiro de 2024, polo que se resolve a denuncia da representante xeral de Sumar Galicia contra o Partido Popular polo uso ilexítimo do símbolo da Xunta de Galicia en actos de campaña electoral.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 5 de febreiro de 2024 a representante xeral de Sumar Galica formaliza unha denuncia contra o partido popular na que manifesta que *«na red social X da deputada Ana Belén Vázquez Blanco na que puede observar cómo junto a Sandra Quintas, alcaldesa deBande, reparte por el pueblo propaganda electoral del PP, vestida con un abrigo que lleva de manera bien visible el símbolo de la Xunta de Galicia tanto en la solapa como en la manga.*

Asegura que esa publicidade e a utilización del símbolo de la Xunta de Galicia en actos de campaña electoral supoñen unha vulneración dos principios de neutralidade, transparencia e igualdade. O Partido Popular , asegura, que está realizando unha apropiación ilexítima da imaxe da institución que é patrimonio de toda a comunidade autónoma.

E engade que "*Este tipo de actuación supón un intento deliberado de llevar a confusión al electorado que fácilmente puede llegar a pensar que las papeletas y el resto de material de propaganda electoral se está llevando a cabo de manera oficial desde la propia Xunta de Galicia. E finaliza o seu escrito solicitando que se teña por interpuesta denuncia contra el Partido Popular por el uso ilegítimo del símbolo de la Xunta de Galicia en actos de campaña electoral."*

2. O día 6 de febreiro dáse traslado da denuncia da representante xeral de Sumar Galicia á representante do Partido Popular de Galicia (RE 417/2024) para os aos efectos de formular alegacións.

3. O 7 de febreiro de 2024, recíbense as alegacións nas que se afirma que a denuncia fai referencia á publicación no perfil persoal de Dona Ana Belén Vázquez Blanco na rede social X e que se acompañan de tres fotografías nas que se ve a Dona Ana Belén Vázquez Blanco e a Dona Sandra Quintas, membros do Partido Popular, están repartindo propaganda do seu partido, algo que non está prohibido posto que foi realizado en campaña electoral.

No referente ao reproche da chaqueta utilizada por Dona Sandra Quintas, sinala que; *a chaqueta contén a imaxe de marca "Xacobeo 2021", que é unha marca rexistrada con*

pola Xunta de Galicia. O logotipo da Xunta de Galicia soamente aparece nunha das mangas. E en ningún caso se pode considerar que o Partido Popular se está a apropiar da imaxe da Xunta de Galicia, pois é patrimonio de todas as persoas galegas e todas poden utilizar o emblema da Xunta de Galicia. Por último sinala que a denuncia non identifica as razóns da vulneracións denunciadas, polo que, non existindo infracción algunha por parte do Partido Popular solicita o arquivo da denuncia.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Esta Xunta electoral, examinada a denuncia presentada e as alegacións formuladas, entende que os feitos denunciados non son constitutivos de infracción electoral, por considerar que se trata de actos propios de campaña electoral e o feito de que unha das denunciadas porte unha chaqueta que nunha das súas mangas ten o logotipo da Xunta de Galicia, non provoca confusión nos electores entre a entidade política Partido Popular e a institución autonómica Xunta de Galicia, por resultar claro que a propaganda electoral que se reparte ven identificada coas siglas e logo do Partido Popular.

Á vista do que antecede adoptase o seguinte

ACORDO

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 18:30 horas do próximo día 10 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal

A Coruña, data da sinatura electrónica
Por orde do presidente
da Xunta Electoral de Galicia